



BANDO

D. Rafael Perez Vazquez , Alcalde-Presidente do Concello de A Mezquita, polo presente,

FAI SABER:

Que o **IMSERSO** por Resolución do 26 de decembro de 2024 convoca as prazas para pensionistas que desexen participar no **PROGRAMA DE TERMALISMO** (BOE nº 295 do 07/12/2024).

Requisitos das/dos usuarias/os

1. Poderán participar no Programa de Termalismo, as personas residentes en España, que sexan pensionistas polo Sistema de Seguridade Social español.
2. As persoas usuarias de praza deben reunir os seguintes requisitos:
 - a. Poder valerse por sí mesmo para as actividades da vida diaria.
 - b. Precisar os tratamentos termais solicitados e carecer de contraindicación médica para a recepción dos mesmos.
 - c. Alcanzar, de conformidade ca baremación establecida, a puntuación que lle permita acceder a un dos balnearios e turnos.
3. Igualmente, poderán participar no programa as persoas de nacionalidade española, que residan no estranxeiro, sempre que perciban unha pensión do Sistema de Seguridade Social español.
4. Tamén poderán ser adxudicatarios das prazas, como acompañante, o cónxuxe ou a parella de feito ou persoa coa que se constitúe unha unión estable e de convivencia con análoga relación de afectividade á conxugal. Asimesmo, poderán ser adxudicatarios de praza, os fillos con discapacidade, en grao igual ou superior ao 45 %, sempre que o disfruten cos seus pais e se aloxen na mesma habitación.

Lugar e prazo de presentación:

As persoas interesadas en participar no programa poderán achegarse ó Departamento de Servios Sociais do Concello para facer a súa solicitude.

Establécense dous prazos para a presentación de solicitudes para participar no proceso de adxudicación de praza:

- Para as quendas dos meses de febreiro a agosto, ambos inclusive: ata o día 9 de xaneiro de 2025.
- Para as quendas dos meses de setembro a decembro: ata o día 15 de maio de 2025

O Alcalde
D. Rafael Perez Vazquez
(Asinado dixitalmente na marxe)

